

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 13 de decembro de 2014

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a M^a Jesús Lago Rey
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

NON ASISTEN:

D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos do día trece de decembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e o interventor xeral, Sr. García Alvarez.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1401).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(1402).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO NEGOCIADO PARA O SUBMINISTRO E INSTALACIÓN DE BANCOS EN ZONAS VERDES. EXPTE. 6927/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento negociado con publicidade para o

subministro e instalación de bancos en zonas verdes (expediente 6927-446)no seguinte orde decrecente:

EMPRESAS	Puntuación total
1. Globalia Urbanismo Integral S.L	95,00
2. Moycosa,S.A	75,21
3. Equipamientos deportivos ,S.A.	67,34
4. Benito Urban, S.L.U.	39,68

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Globalia Urbanismo Integral, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Resgardo da garantía definitiva.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, a Secretaría da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

3(1403).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ESTRUTURA DE PASO SOBRE REGATO VILVERDE-PEBEGÓNS (ZAMÁNS) EXPTE. 2072/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coas propostas da Mesa de Contratación que tiveron lugar o 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís COPCISA, S.A., NARON, S.L., e DEMAIN, S.L., do procedemento aberto para a contratación das obras de estrutura de paso sobre regato Vilaverde-Pebegóns (Zamáns) (expediente 2072-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados”.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras

de estrutura de paso sobre regato Vilaverde-Pebegóns (Zamáns) (expediente 2072-440)” no seguinte orde decrecente:

1. EIRIÑA, S.L.: 94,60 puntos
2. RAMIREZ, S.L.U.: 91,18 puntos
3. UTE CRESPO-CASAS: 85,72 puntos
4. COVSA, S.A.: 70,49 puntos

TERCEIRO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar EIRIÑA, S.L., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo B, subgrupo 2, categoría B, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación.

4(1404).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESA E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO AO BARRIO DE NAVIA DENDE A VG-20 EXPTE. 2085/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coas propostas da Mesa de Contratación que tiveron lugar o 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión da empresa COPCISA, S.A., do Procedemento aberto para a contratación das obras de acondicionamento e mellora do acceso ao barrio de Navia dende a VG-20 (expediente 2085-440) por conter a súa oferta valores anormais ou desproporcionados”.

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras

de acondicionamento e mellora do acceso ao barrio de Navia dende a VG-20 (expediente 2085-440)” no seguinte orde decrecente:

1. ORECO, S.A.: 95 puntos

TERCEIRO.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar ORECO, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirille que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo G, subgrupo 6, categoría C, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

CUARTO.- Requirir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación.

5(1405).- PROPOSTA PARA EXCLUSIÓN DE EMPRESAS E CLASIFICACIÓN DE OFERTAS NO PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE MELLORA DE INFRAESTRUTURAS NAS PARROQUIAS DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 2082/440.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coas propostas da Mesa de Contratación que tiveron lugar o 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- A exclusión das mercantís EIRIÑA, S.L., ORESA, S.L., e CONSTRUCCIONES DIOS, S.A., dos tres lotes do procedemento aberto para a contratación das obras de mellora de infraestruturas nas parroquias do concello de Vigo (expediente 2082-440) por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados”

SEGUNDO.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no “Procedemento aberto para a contratación das obras de mellora de infraestruturas nas parroquias do concello de Vigo (expediente 2082-440)” no seguinte orde decrecente:

– Lote 1:

1. COVSA: 95,10 puntos
2. COPCISA: 86,57 puntos
3. CONSERVIA: 80,41 puntos
4. UTE CRESPO-CASAS: 75,96 puntos
5. RAMIREZ, S.L.U.: 60,02 puntos

– Lote 2:

1. COVSA: 92,30 puntos
2. COPCISA: 85,96 puntos
3. UTE CRESPO-CASAS: 84,54 puntos
4. RAMIREZ, S.L.U.: 55,09 puntos

- Lote 3:

1. COVSA: 91,30 puntos
2. COPCISA: 83,90 puntos
3. CONSERVIA: 82,39 puntos
4. RAMIREZ, S.L.U.: 73,39 puntos
5. UTE CRESPO-CASAS: 72,51 puntos

TERCEIRO.- Requerir ó licitador clasificado en primeiro lugar en cada un dos lotes, COVSA, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirlle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo E, subgrupo 1, categoría C, e no grupo G , subgrupo 6, categoría B, clasificación fixada no apartado 6.A da FEC.

CUARTO .- Requerir ao citado licitador o aboamento do custe dos anuncios de licitación.

7(1406).- RENUNCIA E REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN AO SEGUINTE CLASIFICADO NO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A

CONTRATACIÓN DAS OBRAS DA SEGUNDA FASE DA CONSTRUCCIÓN DO CENTRO GALEGO E FOTOGRAFÍA. EXPTE. 7023/307.

Examinadas as actuacións do expediente e de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Tomar razón da renuncia presentada por D. Juan Carlos Castro Arias, en nome e representación de LAUDEMIO INVESTIMENTOS DE GALICIA, S.L., en data 11 de decembro de 2013 “Procedemento aberto para a contratación das obras da segunda fase da construción do Centro Galego de Fotografía (expediente 7023-307)”.

SEGUNDO.- Requerir ó licitador clasificado en segundo lugar no “Procedemento aberto para a contratación das obras da segunda fase da construción do Centro Galego de Fotografía (expediente 7023-307)”, COPCISA, S.A., para que presente, no prazo de cinco días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

- Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
- Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
- Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato
- Resgardo da garantía definitiva.

Non é preciso requirirle que achegue a documentación prevista no artigo 146 do TRLCSP por canto no sobre A “Documentación persoal” achega xunto coa declaración responsable esixida certificación da súa inscrición no Rexistro de Contratistas de Galicia na que consta que ten a clasificación no grupo C, subgrupo 3, categoría C, clasificación alternativa fixada no apartado 6.B da FEC.

TERCEIRO.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 669,56 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

8(1407).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE PARA A ADECUACIÓN DA PARCELA PARA APARCAMENTO NO POLIDEPORTIVO DE NAVIA. EXPTE. 1956/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.12.13 e de conformidade co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 12.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar o procedemento negociado sen publicidade para a adecuación da parcela para aparcamento no Polideportivo de Navia (expediente 1956-440) á mercantil C. ALDASA, S.L.U., por un prezo total de douscentos once mil cento noventa e nove

euros con noventa e nove céntimos (211.199,99 €), I.V.E. Incluído, sendo a cantidade correspondente ó I.V.E. de trinta e seis mil seiscientos cincuenta e catro euros con cincuenta e catro céntimos (36.654,54 €) e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa o prazo de garantía en 96 meses.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

9(1408).- PROPOSTA PARA REXEITAR OFERTAS E DECLARAR DESERTO O PROCEDIMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZOS DUNHA CAMPAÑA PUBLICITARIA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO EN CATRO DESTINOS XEOGRÁFICOS CON CONECTIVIDADE OU PROXIMIDADE. EXPTE. 4867/104.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo coa proposta da Mesa de Contratación que tivo lugar o día 13.12.13, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Rexeitar as ofertas das mercantís ANONIMO PUBLICIDADE, ECOVIGO e JJ PUBLICIDAD do procedemento aberto para a contratación dos servizos dunha campaña publicitaria de promoción turística de Vigo en destinos xeográficos Porto, Paris, Madrid, Barcelona e mercado de proximidade (expediente 4867-104) por canto a documentación económica que conteñen contradicen as previsións dos Pregos, conforme ó previsto na cláusula 19.2 do PCAP.

SEGUNDO.- Declarar deserto o procedemento aberto para a contratación dos servizos dunha campaña publicitaria de promoción turística de Vigo en destinos xeográficos Porto, Paris, Madrid, Barcelona e mercado de proximidade (expediente 4867-104).

10(1409).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Ó REAL CLUB CELTA DE ATLETISMO EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2012/2013. EXPTE. 12726/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.13, o informe de fiscalización do 10.12.13 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.12.13, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da adxudicación da subvención á entidade deportiva Real Club Celta de Atletismo para coadxuvar co proxecto de actividades do equipo

de elite da entidade na categoría Primeira División na tempada deportiva 2012/2013, e que rexerese polas seguintes especificacións:

Primeiro.- A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo: Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula esta adxudicación non obedece ós principios de publicidade e concorrência dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2013, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A subvención proposta é pola actividade desenvolta polo equipo de elite durante a tempada deportiva 2012/2013, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e como máximo ata o 19 de decembro de 2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sexto.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata o 19 de decembro, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto cumprirán as seguintes especificidades:

- *As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación da subvención.*
- *Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitaxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificados a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitaxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc..) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.*
- *En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autonomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sétimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Oitavo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Noveno.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo primeiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo terceiro.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo cuarto.- A concesión da subvención rexerá pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas especificacións que se conteñen no texto da adxudicación; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Real Club Celta de Atletismo co CIF: G-36945319 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12726-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.04 do vixente orzamento.

11(1410).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN Ó CLUB ATLETISMO FEMENINO CELTA EN BASE Ó DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO DE ACTIVIDADE DO SEU EQUIPO DE ÉLITE NA TEMPADA DEPORTIVA 2012/2013. EXPTE. 12725/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.13, o informe de fiscalización do 10.12.13 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.12.13, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar o texto da adxudicación da subvención á entidade deportiva Club Atletismo Femenino Celta para coadxuvar co proxecto de actividades do equipo de elite da entidade na categoría Primeira División na tempada deportiva 2012/2013, e que rexerá polas seguintes especificacións:

Primeiro.- A lexislación aplicable é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución dos vixentes orzamentos do Concello de Vigo; as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Segundo: Esta subvención ten un claro carácter de interes público e social, e ademais a subvención que regula esta adxudicación non obedece ós principios de publicidade e concorrencia dado que se pode conceder directamente ao figurar nominalmente no orzamento do Concello de Vigo para o 2013, nas partidas indicadas, consonte co artigo 19.4 a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia.

A subvención proposta é pola actividade desenvolta polo equipo de élite durante a tempada deportiva 2012/2013, tendo a obriga de presentar a documentación para a xustificación do mesmo, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente en Xunta de Goberno Local e como máximo ata o 19 de decembro de 2013.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá á redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiación municipal da actividade subvencionada mediante a inclusión, segundo xa vai dito, da imaxe institucional da Concellería de Deportes-Concello de Vigo en calqueira actividade ou evento relacionado co equipo de élite da entidade, na cartelería, equipacións de xogo e paseo, e demais material gráfico elaborado ao efecto.

Sexto.- A beneficiaria, no prazo comprendido entre a aprobación do expediente pola Xunta de Goberno Local e como máximo ata o 19 de decembro, deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos incorridos polo importe da subvención recibida; os xustificantes de pago polo importe da subvención dos gastos incorridos con facturas ou

documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos polo importe da subvención.

Os xustificantes acreditativos dos gastos vinculados ó proxecto cumprirán as seguintes especificidades:

- As facturas, serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos, non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ó proceso de xustificación da subvención.

- Atendendo á especificidade da actividade deportiva, aqueles gastos relacionados con arbitraxes, taxas oficiais das federacións deportivas, e outros conceptos análogos poderán ser xustificadas a través de documentos orixinais (certificados de ingreso nas federacións, documentos de gasto de arbitraxes, documentos de pago de premios deportivos, gastos de desprazamento de xogadores, técnicos, etc.) emitidos polas Federacións que recolla adecuadamente, os datos fiscais das partes, as aportacións económicas, as retencións obrigatorias de ser o caso, e demais datos que xustifiquen o valor probativo do gasto en base a eficacia administrativa do mesmo.

- En relación á xustificación do pago de usos das instalacións deportivas municipais do Concello de Vigo será suficiente o documento orixinal emitido polo Organismo Autónomo IMD, acreditativo dos ingresos por estes conceptos.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Sétimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro ó Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

Oitavo.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no período comprendido na tempada deportiva 2012/2013. A tal efecto, o técnico da área de deportes, no informe adxunto á documentación xustificativa, especificará o período comprendido pola mesma, que abarcará desde a data de inscrición do equipo ou dos deportistas na competición, ata os 30 días posteriores á finalización da competición oficial según os calendarios oficiais aportados.

Noveno.- A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo primeiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto que non implique verdadeiro incumplimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo segundo.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo terceiro.- A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Deportes do Concello de Vigo.

Décimo cuarto.- A concesión da subvención rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas

especificacións que se conteñen no texto da adxudicación; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

SEGUNDO: Aprobar o gasto de 20.000,00 €. a favor da entidade Club Atletismo Femenino Celta co CIF: G-36927689 e enderezo social na rúa Avda Balaidos S/N en Vigo, segundo resulta dos seus estatutos e da certificación do seu secretario que figura na documentación do expediente núm. 12725-333. Este crédito é con cargo á partida 3410.489.00.03 do vixente orzamento.

12(1411).- CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN A FAVOR DE IES CORUXO F.S. PARA COADJUVAR NO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE DESPRAZAMENTO DOS EQUIPOS DA ENTIDADE Ó LONGO DA TEMPADA 2012/2013. EXPTE. 12570/333.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 4.12.13, o informe de fiscalización do 10.12.13 e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.12.13, conformado polo concelleiro delegado de Deportes e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO: Aprobar a concesión de subvención directa por un importe de 12.925,00 €. a favor da entidade C.D IES Coruxo F.S, co CIF: G-27726835 con enderezo social na rúa Cortarelo, 9 en Vigo, con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento e dacordo cos condicionantes establecidos na propia resolución:

a) O obxecto da presente proposta de resolución é colaborar na financiación dos gastos vinculados ós desprazamentos necesarios na participación do C.D IES Coruxo F.S nas competicións de carácter autonómico e nacional de Fútbol Sala durante a tempada deportiva 2012/2013.

b) A lexislación aplicable, para esta resolución de subvención, é a que sinala o artigo 5 la LXS, que se refire o réxime xurídico das subvencións, do que resulta a seguinte normativa configuradora do réxime xurídico destas subvencións: Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, co carácter básico e supletoria que resulta da súa disposición final primeira; a normativa autonómica sobre subvencións Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, as Bases de execución do orzamento do Concello de Vigo para a o ano 2013.

c) Esta subvención catalógase como de interese público social, polo que a súa concesión se acolle no previsto no artigo 19, 4.c da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, tendo en conta que as actuacións previstas na resolución de subvención teñen interese público e social, dada a súa natureza de promoción dunha modalidade deportiva en concreto.

d) Esta subvención é compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financiaran a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

e) Que o CD IES Coruxo FS non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente núm. 12570-333.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

f) Son gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada.

g) En canto a subcontratación das actividades subvencionadas, a presente resolución de subvención autoriza as mesmas conforme ao establecido no artigo 27 da LSG.

h) A axeitada xustificación, a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención foi comprobada polos servizos da Concellería de Deportes. O xefe do servizo de Deportes adxunta no expediente o informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poideran resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

A beneficiaria, previo pago do importe da subvención, presentará unha conta xustificativa na que fará constar os xustificantes dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa incluírá unha relación de tódolos xustificantes dos gastos incorridos por importe da subvención acadada coas seguintes especificidades:

Xustificantes acreditativos dos gastos vinculados co obxecto desta subvención polo importe subvencionado:

- Facturas orixinais polo importe da subvención adxudicada, que recollan o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE; neste sentido non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no do RD 1.619/2012, de 30 de novembro polo que se aproba o regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado, deducindo o IVE, salvo que xustifique que está exenta de IVE. Os xustificantes corresponderán ós gastos vinculados directamente ó obxecto do presente convenio.*

- *Cando a entidade solicitante demande a devolución do orixinal presentado para a xustificación da subvención, solicitará a través da unidade xestora da tramitación administrativa do expediente o estampillado (art. 73 do regulamento da Lei 38/2003 LXS) da factura orixinal indicando no mesmo o motivo da subvención, así como si o importe do xustificante imputase total o parcialmente á subvención recibida, indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. Posteriormente incorporará o expediente copia do xustificante orixinal estampillado e a unidade administrativa procederá a devolución do orixinal.*
- *En xeral os documentos xustificativos corresponderanse con gastos vinculados de forma directa co obxecto desta subvención, admitíndose aqueles nos que non conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade á finalización do proceso de xustificación.*

i) A tramitación do pago do importe da subvención adxudicada a través desta resolución se realizará mediante transferencia bancaria á conta do CD IES Coruxo FS tras a aprobación pola Xunta de Goberno Local desta resolución.

j) A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Deportes e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

k) As causas de reintegro da subvención serán as que se determinan no artigo 33 da lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

l) Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e procedemento para a súa apreziación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

m) A beneficiaria está informada que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Deportes.

SEGUNDA: Aprobar o gasto por un importe de 12.925,00€ con cargo á partida 3410.489.00.01 do vixente orzamento, de acordo cos condicionantes establecidos na propia resolución e tendo en conta a conta xustificativa anexa ó expediente remitida pola entidade beneficiaria.

13(1412).- PROXECTO DE ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O PADROADO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA PARA A CREACIÓN DUNHA AULA DE ENSINO SUPERIOR A DISTANCIA. EXPTE. 15472/332.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 27.11.13, o informe de fiscalización do 4.12.13, e de acordo co informe-proposta do técnico superior de Cultura e Educación, do 11.12.13, conformado polo concelleiro de Educación, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de Addenda ao Convenio entre o Padroado do centro asociado da UNED en Pontevedra e o Excmo. Concello de Vigo para a creación dunha Aula de Ensino Superior a Distancia.

SEGUNDO.- Solicitar ao Padroado do Centro Asociado da UNED en Pontevedra a implantación progresiva na Aula de Vigo, dos seguintes estudos universitarios: Grao en Dereito, Grao en Educación Social, Grao en Enxeñería informática, Grao en Enxeñería en tecnoloxías da información e Grao en Turismo.

ADDENDA AO CONVENIO ENTRE O PADROADO DO CENTRO ASOCIADO DA UNED EN PONTEVEDRA E O EXCMO. CONCELLO DE VIGO PARA A CREACIÓN DUNHA AULA DE ENSINO SUPERIOR A DISTANCIA.

En Vigo a ___ de _____ de 201_

INTERVEÑEN

Dunha parte o Excelentísimo Sr. D. Rafael Louzán Abal, Presidente da Deputación de Pontevedra, na súa calidade de Presidente da Xunta Reitora do Padroado do Centro Asociado de Pontevedra á UNED.

E doutra parte o Excmo. Sr. D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde-Presidente do Concello de Vigo

EXPOÑEN

- 1. Con data 8 de novembro de 2012 foi asinado o convenio entre o Concello de Vigo e o Padroado do Centro Asociado da UNED de Pontevedra que tiña por obxecto a creación en Vigo dunha Aula dese Centro na cidade de Vigo.*
- 2. A Estipulación 3ª do Convenio recolle que.- "A Aula titorizará as ensinanzas do curso de Acceso Directo para Maiores de vinte e cinco anos (CAD) a partir da entrada en vigor do presente Convenio. Ademais das ensinanzas do CAD, o Centro Asociado poderá organizar na Aula aquelas actividades culturais non reguladas que considere convenientes para os alumnos da Bisbarra, de acordo coas directrices xerais aprobadas pola Xunta de Goberno da UNED"*
- 3. É vontade das dúas partes ampliar a oferta educativa da Aula en Vigo, coa implantación de graos universitarios.*

Polo expuesto, as partes intervintes, na representación e coas facultades que os seus respectivos cargos lles confieren, recoñecen recíprocamente capacidade e lexitimación para asinar a presente Adenda ao Convenio citado no expositivo 1 anterior, formalizándoa sobre a base das seguintes

CONDICIÓN

1. Incorporar ao Convenio anteriormente asinado e suscrito o 8 de novembro de 2012, a implantación de Graos universitarios na Aula en Vigo do Centro Asociado da UNED de Pontevedra. Os graos inicialmente previstos implantaríanse de xeito progresivo (primeiro ano só primeiro curso de cada grao, e así sucesivamente ata completar os catro cursos) e serían -previo procedemento que se expresa nesta adenda-- os seguintes: Dereito, Educación Social, Enxeñería informática, Enxeñería en tecnoloxías da información e Turismo.
2. Incorporar a cláusula 13ª bis ao convenio matriz, co seguinte texto:

"Para a implantación progresiva dos graos citados, o Concello transferirá ao Centro Asociado da UNED en Pontevedra anualmente --a maiores da cantidade indicada na cláusula 13ª para a implantación do curso de Acceso a Maiores previsto na estipulación 3ª do Convenio-- as cantidades (nas anualidades) estimadas no seguinte cadro:

Grao/Ano	2014	2015	2016	2017	2018
Custo Titoría					
Dereito	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Educación Social	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería informática	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Enxeñería en tecnoloxías da Información	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Turismo	1.395,25	6.046,05	10.696,85	15.347,65	18.603,20
Total custo titorías	6.976,25	30.230,25	53.484,25	76.738,25	93.016,00
Bibliografía	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00	5.000,00
TOTAL todos os Graos	11.976,25	35.230,25	58.484,25	81.738,25	98.016,00

"

3. Para a modificación das cantidades contidas na estipulación 13ª bis, estarase ao disposto na cláusula 13ª do Convenio matriz.
4. A determinación definitiva dos graos e cursos a implantar, realizarase de común acordo entre as partes asinantes do Convenio, previa solicitude formal dunha delas, co previo informe da Dirección do Centro UNED de Pontevedra e coa aprobación final do Padroado deste Centro e da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo.
5. A presente Adenda rexerese polas condicións estipuladas no Convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

O que se convén na data e lugar indicados no encabezamento.

14(1413).- CORRECCIÓN DE ERROS DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 22.11.13 RELATIVO Á APROBACIÓN DO PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. EXPTE. 10355/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.12.13, conformado polo concelleiro delegado de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

Xunto remítolle o expte: 10355-77 relativo ao "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A EMPRESA PEUGEOT CITROEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. DENTRO DO PLAN MUNICIPAL DE EMPREGO"

Unha vez revisado o convenio decatámonos que no inicio do Convenio, nas representacións, falta engadir na parte de CITROEN a outra persoa, xa que no poder de representación de Peugeot Citroen Automóviles España S.A. o Sr. Juan Antonio Muñoz Codina ten a firma mancomunada con M^a Estefanía Narrillos Roux

Propónse a Xunta de Goberno Local a corrección da acta de aprobación do citado convenio, celebrada o pasado día 22 de novembro de 2013.

E onde dí:

Doutra, Don Juan Antonio Muñoz Codina, en nome e representación de PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domicilio social en Vigo, Avda. Citroën 3 e 5, según escritura de poder otorgada o seu favor, ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, nº de protocolo 3.256., que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Deberá dicir:

Doutra, Don Juan Antonio Muñoz Codina e Dna. M^a Estefanía Narrillos Roux, en nome e representación de PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domicilio social en Vigo, Avda. Citroën 3 e 5, según escritura de poder otorgada o seu favor, ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, nº de protocolo 3.256., que lles faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando os comparecentes que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

E a incorporación do nome de M^a Estefanía Narrillos Roux na derradeira páxina, nas sinaturas do convenio

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1414).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADO A FINANCIAR AXUDA PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL. EXPTE. 6472/320.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 10.12.13, o informe de fiscalización do 12.12.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 13.12.13, conformado polo concelleiro de

Emprego, Participación Cidadá, Voluntariado e Educación e pola concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar “CONVENIO DE COLABORACIÓN COAS ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO DESTINADO A FINANCIAR AXUDAS PARA ATENDER NECESIDADES BÁSICAS DE ALIMENTOS E SERVIZOS DE COMEDOR SOCIAL, PARA O EXERCICIO 2013” que se achega, coas seguintes entidades:

1. CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174
2. SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667
3. Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708
4. Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375
5. ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348
6. FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911
7. MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J
8. ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536
9. HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF: R3600319B
10. ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362
11. ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480

SEGUNDA.- Aprobar, o gasto, por importe de 212.831,75 euros con cargo á partida presupostaria 9240 4890020 denominada “Plan compensación contra a crise” do vixente exercicio presupostario (2013).

TERCEIRO.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

CUARTO.- Modificar a data establecida nas cláusulas:

a) Novena, de tal xeito que as entidades beneficiarias xustifiquen o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, antes do día 20 de decembro de 2013.

b) Décimo primeira, modificar a data de remate do prazo da adquisición de gastos subvencionables ata o 14 de decembro de 2013.

Na Casa do Concello de Vigo, a ____ de ____ de dous mil trece

REUNIDOS

Dunha parte, Don Santos Hector Rodríguez Díaz, na súa calidade de concelleiro-delegado da Área de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo, na representación

legal do mesmo, en virtude do decreto de delegacións da Alcaldía de 13 de xuño de 2011 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 17/06/2012.

Doutra,

Don/Dona M^a Carmen Cornejo-Molíns González como Presidenta da CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, e enderezo social en r/ San Francisco, 69 de Vigo.

Don Humberto González Vázquez como Presidente da SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, e enderezo social en R/ PALENCIA, 26 de Vigo.

Don Roberto Goitia Crespo como Presidente da asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, e enderezo social en r/ VAZQUEZ VARELA, 21 de Vigo.

Don Pedro Pereira Carballo como Presidente da Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, e enderezo social en Camiño da Miania nave 1-3 (Sárdoma) de Vigo.

Dona Hortensia González Fernández como Presidente da ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, e enderezo social en r/ Pastora, 44 Baixo de Vigo.

Don Jesús Busto Peteiro como Director Xeral da FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911 , e enderezo social en r/ Fotógrafo Luís Casado, 10 – 6º A de Vigo.

Don David Junquera Romero como Tesoureiro da MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J , e enderezo social en r/ Ramón Nieto, 275 de Vigo.

Dona Adoración Palacián Urdillo como Presidenta da ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF:G36802536, e enderezo social en R/ Torrecedeira, 60-1ºB de Vigo.

Don José Antonio Donaire Jiménez como Director do Centro Benéfico Social “Casa de Reposo Ntra. Sra. De la Salud” pertenciente a la entidad Hermanos Misioneros de los Enfermos Pobres, con CIF:R3600319B, e enderezo social en Avda. Galicia, 160 de Vigo.

Don José Luís Moracho Cupido como Secretario da ASOCIACIÓN “LA SAL DE LA TIERRA”, con CIF: G03542362, e enderezo social en R/Manuel de Castro, 9 Baixo de Vigo.

Dona Paz del Palacio Constenla como Presidenta da “ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA”, con CIF: G36744480, e enderezo social en R/Vázquez Varela, 54-2º de Vigo

Representación que acredita con certificado do secretario da asociación, que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

Que a grave situación de crise económica actual, ten incrementado de forma que un 22% dos fogares españois está por debaixo do nivel de pobreza e un terzo dos fogares ten dificultades para chegar a fin de mes.

O presente convenio, ten por obxecto estruturar a distribución de alimentos ás persoas necesitadas a través de institucións sen ánimo de lucro e a xestión de comedores sociais destinados a atender necesidades básicas de subsistencia daquelas persoas que se encontren en situación de grave precariedade económica e risco de exclusión social.

Aos efectos de procurar que as axudas concedidas revertan no pequeno comercio emprazado no municipio de Vigo, que está a pasar por unha situación de crise de ventas, establececese a obrigatoriedade de realizar as compras en establecementos comerciais establecidos na propia cidade, salvagardando no posible a pervivencia do mesmo como dinamizador económico dos barrios e parroquias nos que se asenta.

MANIFESTAN

I.- Que a CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, a SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, a Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, a Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, a ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, a FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911, a MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J, a ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536, a HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF: R3600319B, a ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362 e a ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480, conforme o establecido nos seus respectivos estatutos asumen, entre outros, os seguintes fins e actividades:

- Realizar accións caritativas e sociais.*
- Axudar a promoción humana e ao desenvolvemento integral das persoas e comunidades.*
- Adicar preferentemente a súa atención as persoas e colectivo con especiais dificultades de inserción.*
- A doazón e distribución gratuíta de alimentos ás persoas necesitadas directamente e/ou a través doutras entidades sociais.*
- Proporcionar alimentación ás persoas que o precisen de forma gratuíta.*

II.- Que o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía o dereito a fundar asociacións e a asociarse á da súa elección, así como o recoñecemento ás organizacións de contribuír na distribución de alimentos e realizar tarefas de comedor social, destinadas ás persoas sen recursos, no que a participación desinteresada da cidadanía é fundamental.

Dentro das políticas sociais de axuda as persoas en risco de exclusión social, en todas as súas vertentes, o Concello de Vigo asume a tarefa de colaborar coas entidades sen ánimo de lucro mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter asistencial destinado a veciñanza de Vigo, na súa función de prestacións de servizos a comunidade, as cales redundan no beneficio da cidade en xeral e das persoas necesitadas en particular.

III.- Que na devandita actividade a subvencionar e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social, económico e humanitario; tendo en conta a situación socio-laboral actual na cidade de Vigo, con un alto índice de desemprego:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

VIGO	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos	Total	Menores 25 anos	25 e máis anos
2012/Abril	33894	2292	31602	15616	1244	14372	18278	1048	17230

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

Estas circunstancias así como o profundo coñecemento da situación das persoas necesitadas que acoden aos seus comedores e/ou perciben axudas en forma de alimentos polas entidades asinantes deste convenio, así como a urxencia na concesión das axudas, impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

IV.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervenientes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é facilitar a adquisición de alimentos, vaixela, utensilios de cocina, electrodomésticos para conservación e preparación de alimentos e en xeral aqueles destinados a un correcto servizo de comedor social e distribución dos alimentos entre as familias máis necesitadas.

V.- Que as entidades CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, a SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, a Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, a Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, a ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, a FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911, a MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J, a ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536, a HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF: R3600319B, a ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362 e a ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480, non están incursas en prohibición para ser beneficiarias das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese interese público, social, económico e humanitario que para a cidade de Vigo representa a devandita actividade das entidades asinantes do convenio, o Concello de Vigo e as ditas entidades (CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, a SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, a Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, a Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, a ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, a FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911, a MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J, a ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536, a HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF: R3600319B, a ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362 e a ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480), conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- A CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, a SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, a Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, a Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, a ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, a FUNDACIÓN

AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911, a MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J, a ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536, a HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF:R3600319B, a ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362 e a ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480, comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto distribución de alimentos e servizos de comedor social entre as familias máis necesitadas e, concretamente, a:

1. Facilitar a distribución de alimentos básicos entre ás persoas necesitadas directamente ou a través de institucións sen ánimo de lucro.
2. Facilitar a xestión de comedores sociais destinados a atender necesidades básicas de subsistencia daquelas persoas que se encontren en situación de grave precariedade económica e risco de exclusión social.
3. Comunicar ao Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, o lugar, datas e horas da distribución de alimentos e os horarios de comedor social. Así mesmo, obrígase a comunicar calquera incidencia que imposibilite ou aprace a actividade requirida, que de ser o caso, comunicarase cunha antelación mínima de 5 días naturais á data da súa realización.
4. No emprazamento das accións deberá constar en lugar visible cartel informativo en modelo normalizado que será subministrado polo servizo de Participación e Atención Cidadá.
5. Calquera edición e/ou material gráfico relacionado coas accións deste convenio se realizarán no idioma galego. En todos os casos deberá aparecer o logotipo oficial do Concello de Vigo-Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado- como patrocinador das accións, sendo esta cuestión extensible a calquera elemento de difusión que realicen.
6. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.
7. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.
8. As actividades de comedor e distribución de alimentos recollidas no presente convenio destinaranse aos veciños e veciñas de Vigo, e o seu acceso será aberto e gratuíto, limitándose o número de asistentes ao aforo do lugar onde se celebren.
9. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
10. En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na supervisión e avaliación das actividades realizadas.
2. Respetar a estrutura organizativa das entidades asinantes do convenio.
3. Conceder directamente ás entidades que deseguido se relacionas as subvencións que se indican:
 - a) CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA 15.000,00 €
 - b) SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL 15.000,00 €
 - c) Asociación VIDA DIGNA 50.000,00 €

d) Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS	15.000,00 €
e) ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO	20.000,00 €
f) FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA	25.000,00 €
g) MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO	30.000,00 €
h) ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA	1.075,25,€
i) HERMANOS MISIONEROS DE LOS ENFERMOS POBRES	11.756,50 €
j) ASOCIACIÓN LA SAL DE LA TIERRA	15.000,00 €
k) ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA	15.000,00 €

O que supón un total de 212.831,75 € que se realizará con cargo á partida 9240 4890020 “Plan compensación contra a crise”, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, co obxecto de coadjuvar ao financiamento dos gastos de adquisición de alimentos, vaixela, utensilios de cocina, electrodomésticos para conservación e preparación de alimentos e en xeral aqueles destinados a un correcto servizo de comedor social e distribución dos alimentos entre as familias máis necesitadas.

Terceiro.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

As beneficiarias deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Cuarto.- Se o custe total das adquisicións subvencionadas resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Quinto.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Sexto.- A beneficiaria debe dar a adecuada publicidade á financiamento municipal da actividade subvencionada. A dita difusión cumprirá os seguintes requisitos:

- A información especialmente carteis e programas editados, estará integramente na lingua galega.
- En toda información gráfica editada figurarán os logotipos e anagramas oficiais do Concello de Vigo, ademais das lendas que se acorden. Se no financiamento das actividades interveñen outras entidades distintas das asinantes do Convenio, a prelación en orde de tamaño será proporcional a cadansúa achega económica.
- A entidade beneficiaria someterá a conformidade do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego do Concello de Vigo as probas dos recursos publicitarios que se vaian empregar. O material gráfico editado disporá do correspondente depósito legal. De todo

o material editado, entregaranse 2 exemplares no servizo de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

Sétimo.- *A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.*

Oitavo.- *Comisión de seguimento*

Para o bo fin dos obxectivos sinalados no presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento integrada por:

- 1. O concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que ostentará a Presidencia que poderá delegar a súa representación noutro/a concelleiro/a ou xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego.*
- 2. Tres vocais:*
 - a) Un/unha funcionario/a adscrito ao servizo de Participación e Atención Cidadá.*
 - b) Un membro da Xunta directiva de cada unha das entidades asinantes do convenio.*

Actuará como Secretario/a da Comisión un/unha funcionario/a do Concello de Vigo, con voz pero sen dereito a voto.

A Comisión quedará constituída trala súa primeira reunión, estas realizaranse de forma ordinaria todos os trimestres na data en que se indique na sesión constitutiva, en todo caso para a súa válida constitución será necesaria a presenza da maioría absoluta dos seus membros que incluírá a do Presidente e Secretario.

O Presidente decidirá co seu voto os empates que se produzan respecto dos acordos que nas funcións que son propias da Comisión se adopten.

Son funcións propias da Comisión, as seguintes:

- Supervisar o cumprimento do proxecto de accións e actividades que figuran na Memoria e o presuposto executado.*
- Establecer unha orde de prioridades respecto das actividades a realizar.*
- Supervisar o cumprimento do normativa legal vixente en relación coas contratacións realizadas.*

Noveno.- *As beneficiarias, deberán xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, antes do día 14 de decembro de 2013. A tal efecto deberán presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración as adquisicións realizadas e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada.*

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

As facturas, que serán orixinais, deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE, estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas, nin aquelas que non reúnan as esixencias previstas no RD 1.496/2003, de 28 de novembro polo que se regulan as obrigas de facturación. Nestas facturas se computará o gasto acreditado deducindo o IVE, salvo que se xustifique a exención do dito imposto. Non Será preciso que nos documentos xustificativos de pago conste de forma expresa que os pagos aos que os mesmos se refiren foron satisfeitos con anterioridade ao proceso de xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención.

As Retribucións de persoal xustificaranse mediante:

- Copia autenticada do contrato.*
- Copia autenticada do TC1 e TC2 correspondente aos meses imputados.*
- Copia autenticada das nóminas correspondente aos meses imputados.*

- *Copia autenticada do impreso de liquidación nominal do IRPF.*
- *Copia do documento autenticado (transferencia bancaria ou cheque nominativo), que xustifique o pagamento das nóminas do persoal.*

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado se incorporará ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do artigo 31.7 e) da lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Décimo primeiro.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo comprendido entre o 1 de outubro de 2013 e o 14 de decembro de 2013, en comercios e/ou establecementos emprazados no termo municipal de Vigo.

A beneficiaria deberá solicitar 3 ofertas cando o gasto exceda de 50.000 € por execución de obra ou 18.000 € no caso de subministros ou servizos, salvo que non exista mercado para as ditas contratacións.

Décimo segundo.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo terceiro.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

Décimo cuarto.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

Décimo quinto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

Décimo sexto.- As beneficiarias están informadas de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sétimo.- A colaboración do Concello de Vigo concrétese na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente polas entidades CASA DA CARIDADE, COMEDOR DA ESPERANZA, con CIF: G36626174, a SOCIEDAD DE SAN VICENTE DE PAUL con CIF: G28256667, a Asociación VIDA DIGNA, con CIF: G36884708, a Fundación Provincial BANCO DE ALIMENTOS, con CIF: G36899375, a ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA AO NECESITADO, con CIF: G36660348, a FUNDACIÓN AMIGOS DE GALICIA, con CIF: G15859911, a MISIÓN EVANGÉLICA DE VIGO, con CIF: R3600377J, a ASOCIACIÓN DE AYUDA A LA VIDA, con CIF: G36802536, a HERMANOS MISIONEROS POBRES, con CIF: R3600319B, a ASOCIACIÓN SAL DE LA TIERRA, con CIF: G03542362 e a ASOCIACIÓN DE SAN CAYETANO Y DAMAS DE LA PROVIDENCIA, con CIF: G36744480 no desenvolvemento das actividades indicadas no pacto primeiro.

Décimo oitava.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerese pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, _____ de 2013.

16(1415).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE OITO SUBALTERNOS POR UN PERÍODO MÁXIMO DE SEIS MESES. EXPTE. 24584/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 10.12.13, e de acordo co informe-proposta do técnico de Organización e

Planificación de Recursos Humanos, do 21.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento de oito funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como Subalternos/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito periodo, xustificada nas necesidades do Servizo de Conserxería, contidas no escrito de data 29 de outubro de 2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 82.048,80€, dos cales 3,418,70€ corresponden ao presente exercicio 2013 e os 78.630,10€ ao vindeiro exercicio 2014 con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

Segundo.- Nomear como funcionario/as interinas por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D^a. M^a ENCARNACIÓN VICENTE PIÑEIRO, DNI 76.779.668-X, D^a. M^a SOL CERNADAS ORGE, DNI 76.991.664-S, D. ANDRÉS FERNÁNDEZ GIL, DNI 34.957.006-L, D. IGNACIO DE LOYOLA CAMPOS POSADA, DNI. 36.062.422-D, D. PABLO DÍAZ ÁLVAREZ, DNI 36.124.763-C, D^a. SILVIA RODRÍGUEZ PRIETO, DNI 36.171.207-G, D^a. MARIA RIAL REY, DNI 36.158.936-S e, D. JOSÉ MIGUEL SOTO HERMIDA, DNI 36.106.460-W, seguintes aspirantes que superaron tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Subalterno/a, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- Os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155, ordenanza-porteiro/a, sendo adscritos/as ao Servizo de Conserxería (cód. 201).

Cuarto.- A xornada laboral dos traballadores nomeados desenvolverase en horario de mañán ou de tarde según as necesidades do servizo de Conserxería.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás catorce horas e corenta e cinco minutos. Como secretaria dou fé.

me.

O ALCALDE

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Abel Caballero Álvarez.

M^a Jesús Lago Rey.